



ESTATUTOS

Club

Montañeiros Celtas

Estes Estatutos foron aprobados pola Asemblea Xeral de Club Montañeiros Celtas reunida con carácter extraordinario o 21 de marzo de 2025.





ÍNDICE

CAPÍTULO I	DENOMINACIÓN, DOMICILIO, ÁMBITO E FINS DA SOCIEDADE.....	3
CAPÍTULO II	SOCIOS. ADMISIÓN, CLASES, DEREITOS E OBRIGAS, BAIXAS.....	5
CAPÍTULO III	ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN.....	8
CAPÍTULO IV	SECCIÓNS.....	14
CAPÍTULO V	RESPONSABILIDADE DOS SOCIOS, ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN	15
CAPÍTULO VI	RÉXIME DISCIPLINARIO	16
CAPÍTULO VII	REGULAMENTOS DE RÉXIME INTERNO.....	17
CAPÍTULO VIII	RÉXIME DOCUMENTAL.....	18
CAPÍTULO IX	RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL....	19
CAPÍTULO X	MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS.....	20
CAPÍTULO XI	DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE E PROCEDEMENTO.....	21
CAPÍTULO XII	DISPOSICIÓNS FINAIS.....	22



CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, DOMICILIO, ÁMBITO E FINS DA SOCIEDADE

Artigo 1.- Club Montañeiros Celtas figura con este nome dende o 24 de Outubro de 1952, data na que se independizou como Sección de Montaña do Real Club Celta de Vigo, constituída o **2 de febreiro de 1942** e creada como consecuencia da fusión do Centro Excursionista de Galicia, fundado o 18 de xaneiro de 1936, e da Peña Excursionista Viguesa, fundada en abril de 1938.

Artigo 2.- Club Montañeiros Celtas é unha asociación deportiva, privada, con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e con plena capacidade de obrar, declarada Entidade de Utilidade pública en xuño do ano 2024.

Artigo 3.- A Asociación está constituída por tempo indefinido.

Artigo 4.- O domicilio social do Club é na Avenida Camelias. número 78, Oficina K. de Vigo.

Poderanse utilizar outros locais adicionais na mesma e noutras localidades mediante acordo da Xunta Directiva.

O cambio de domicilio social non suporá a modificación dos Estatutos.

Artigo 5.- Poderanse formar delegacións desta asociación noutras localidades, previa aprobación da Asemblea Xeral, que se rexerán pola normativa da Sede Central de Vigo.

Artigo 6.- O ámbito territorial no que se desenvolverán as actividades será a Comunidade Autónoma de Galicia, principalmente, sen prexuízo de poder inscribirse e participar en actividades ou competicións supra-autonómicas.

Artigo 7.- Club Montañeiros Celtas ten os seguintes fins:

- 1.2.** Organizar, colaborar e participar en actividades como campamentos, cursos, charlas, exploracións, expedicións, campionatos... e calquera outra que favoreza a formación dos deportistas.
- 1.3.** Promover e divulgar o coñecemento e protección da natureza, especialmente das beleza naturais das montañas e do seu entorno, mediante actividade sociais, culturais e medioambientais: conferencias, exposicións, concursos, proxeccións audiovisuais, recuperación de sendeiros, plantación de árbores, edición de mapas e guías de montaña, publicación de revistas e boletíns informativos, etc.
- 1.4.** Traballar e colaborar en actividades ecolóxicas e de protección e conservación do medio natural, especialmente nas relacionadas coa montaña e o seu entorno.





- 1.5. Fomentar e colaborar nas actividades científicas, xeográficas, meteorolóxicas, arqueolóxicas, etnográficas, artísticas e outras, relacionadas coa montaña e o seu entorno, así como da flora e fauna.
- 1.6. Organizar e desenvolver actividades con especial dedicación á xuventude.
- 1.7. Colaborar e participar en actividades para a defensa do acceso libre a zonas de montaña e a natureza en xeral, e da práctica do deporte sen sufrir máis limitacións que as estritamente necesarias, conciliando sempre os intereses conservacionistas e o goce do medio natural.

Artigo 8. –Club Montañeiros Celtas estará adscrito ás Federacións territoriais, estatais e/ou internacionais respectivas, segundo as diferentes modalidades deportivas que se realicen de forma continuada.

Artigo 9. –Club Montañeiros Celtas declárase á marxe de toda actuación ou manifestación política, relixiosa ou calquera outra allea aos seus fins.



CAPÍTULO II

SOCIOS

ADMISIÓN, CLASES, DEREITOS E OBRIGAS, BAIXAS

Artigo 10. –Poderán formar parte da asociación persoas físicas que teñan interese no desenvolvemento dos fins do Club. Entidades e Institucións poderán ser nomeados Socios de Honra.

Artigo 11. –Para ser admitido como socio é preciso:

11.2. Abonar as cotas establecidas polo medio do pagamento que determine a Xunta Directiva.

Artigo 12. –O número de asociados é ilimitado, agás que acorde o contrario á Asemblea Xeral.

Artigo 13. –Existen as seguintes CLASES de socios:

13.1. –**Socios Fundadores.** Aqueles que figuraron como tales o 2 de febreiro de 1942, data da fundación da Sección de Montaña do Real Club Celta de Vigo.

13.2. –**Socios de Honra.** Aquelas persoas, entidades ou institucións, ás quen se lles conceda tal distinción pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva ou do 5% dos socios con dereito a voto.

13.3. –**Socios Distinguidos.** Aqueles a quen a Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva lles conceda tal distinción pola súa antigüidade, relevancia ou dedicación ás actividades do Club, ou por outros particulares feitos.

13.4. –**Socios Veteranos.** Aqueles maiores de 65 anos e cunha antigüidade de 25 anos no Club.

13.5. –**Socios de Número.** Os maiores de 18 anos.

13.6. –**Socios Xuvenís.** Os maiores de 14 anos e menores de 18 anos.

13.7. –**Socios Infantís.** Os menores de 14 anos.


13.8. –**Socios Temporais.** Aqueles que soliciten o seu ingreso por período de 6 meses ou un ano. O socio temporal só poderá selo unha vez nesta modalidade.

Artigo 14. –DEREITOS dos socios.

14.1. Os socios maiores de idade terán os seguintes dereitos:

- a) Coñecer e participar das actividades do Club.
- b) Usar as instalacións e servizos da Asociación
- c) Contribuír ao cumprimento dos fins da Asociación
- d) Poder elixir ou ser elixido para os cargos directivos.
- e) Participar con voz na Asemblea Xeral.





- f) Participar con voto na Asemblea Xeral se pertence ao Club por un período mínimo de dous anos ininterrompidos.
- g) Esixir que a Asociación se axuste ao establecido nos Estatutos e normas de carácter superior.
- h) Ter acceso á documentación da Asociación, previa petición razoada e por escrito á Xunta Directiva.
- i) Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias e ser informado dos feitos que dan lugar a esas medidas.
- j) Ser membro de calquera Sección, cumprindo os requisitos esixidos.

14.2. Os socios menores de idade terán os seguintes dereitos:

- a) Coñecer e participar nas actividades do club.
- b) Usar as instalacións e servizos da Asociación
- c) Contribuír ao cumprimento dos fins da Asociación
- d) Participar con voz na Asemblea Xeral.
- e) Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias e ser informado dos feitos que dan lugar a esas medidas.
- f) Ser membro de calquera Sección, cumprindo os requisitos esixidos.


Artigo 15. –OBRIGAS DOS SOCIOS

- 15.1.** Abonar as cotas ordinarias e extraordinarias que se establezan, agás os socios Fundadores, de Honra e Distinguidos, que estarán exentos do seu pagamento.
- 15.2.** Cumprir cantos acordos ou disposicións aprobe a Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.
- 15.3.** Cumprir o disposto nos presentes Estatutos e en calquera outra normativa de réxime interno ou de carácter superior.

Artigo 16. –BAIXAS dos socios.

- 16.1.** A condición de socio pérdese polas seguintes causas:
 - a) Por renuncia voluntaria mediante escrito dirixido á Xunta Directiva.
 - b) Por impago das cotas durante un ano e previa notificación ao interesado.
 - c) Por sanción disciplinaria, ratificada en Asemblea Xeral.
 - d) Por falecemento.
- 16.2.** A baixa temporal dun socio producírase por petición persoal, mediante escrito dirixido á Xunta Directiva, durante un período mínimo de seis meses e máximo de dous anos, prorrogables a xuízo da Xunta Directiva.
- 16.3.** A reincorporación dun socio con baixa temporal solicitarase mediante escrito dirixido á Xunta Directiva antes de finalizar o prazo indicado, en caso contrario perderá a condición de socio. A considerar o seguinte:
 - a) Ao socio reincorporado se lle respectará a súa antigüidade.





- b) O período de baixa temporal non será computable a efectos de antigüidade.



CAPÍTULO III

ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 17. –Son órganos de Goberno e Representación da Asociación a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

ASEMBLEA XERAL

Artigo 18. –A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación, e estará formada por todos os socios.

Artigo 19. –Terán dereito a voto aqueles socios maiores de idade presentes ou representados, que teñan máis de dous anos de antigüidade no Club e estean ao corrente no pagamento das cotas.

Artigo 20. –A Asemblea Xeral poderá ser ordinaria ou extraordinaria. Será convocada polo Presidente do Club cando menos con 15 días de antelación á súa celebración e será comunicada aos socios ao seu enderezo. A convocatoria indicará lugar, día e hora de celebración, así como a orde do día.

Artigo 21. –A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario cando menos unha vez ao ano dentro do primeiro trimestre.

Artigo 22. –A Asemblea Xeral Extraordinaria será convocada por iniciativa do Presidente, a petición da maioría da Xunta Directiva ou do 10% dos asociados, que a pedirán por medio de escrito motivado, asinado polos solicitantes e dirixido á Xunta Directiva. Esta Asemblea terá que convocarse á maior brevidade posible nun prazo máximo de 30 días dende a data de recepción da solicitude.

Artigo 23. –A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorra a ela a terceira parte dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria será suficiente calquera que sexa o número de socios con dereito a voto que estean presentes ou representados. O número de socios presentes deberá ser igual ou superior ao número de socios representados. Os acordos que se tomen nesta Asemblea serán válidos.

Artigo 24. –Os acordos da Asemblea Xeral tomaranse do seguinte xeito:

- 24.1** Con carácter xeral, por maioría simple dos votos dos socios presentes e representados.
- 24.2** Necesitarase maioría absoluta (a metade dos votos máis un) para:
 - a. Solicitar a declaración de Utilidade Pública.
 - b. Modificar o Estatutos.





- c. Modificar as cota sociais.
- d. Ratificar a expulsión dos socios aprobada pola Xunta Directiva, previo ditame do Comité de Disciplina.
- e. Autorizar a incorporación de grupos ou agrupacións á Asociación.

24.3 Será necesaria unha maioría de 2/3 dos votos para:

- a. Dispoñer e allear bens.
- b. Disolver a Asociación.
- c. Emitir Títulos de Débeda.
- d. Solicitar préstamos.
- e. Aprobar unha moción de censura.
- f. Acordar a remuneración, no seu caso dos membros da Xunta Directiva.

Artigo 25. –Son competencia da Asemblea Xeral Ordinaria:

25.1 Aprobar as actas de Asembleas anteriores, se procede.

25.2 Aprobar a Memoria anual, se procede.

25.3 Aprobar a Liquidación do orzamento, do Balance do exercicio e presentación de contas, se procede.

25.4 Aprobar o Orzamento do exercicio do ano en curso, se procede.

25.5 Aprobar os proxectos e propostas da Xunta Directiva, se procede.

25.6 Aprobar, se procede, os proxectos e propostas dos socios, maiores de idade, avaladas cando menos polo 5% dos mesmos, e presentadas á Xunta Directiva cun mínimo de 5 días de antelación á celebración da Asemblea. Este apartado deberá figurar na orde do día, e de presentarse algunha proposta, deberá publicarse alomenos no taboleiro de anuncios do local social.

25.7 Pregos e preguntas.

Artigo 26. –Son competencia da Asemblea Xeral Extraordinaria:

26.1 Convocar eleccións a Presidente do Club.

26.2 Modificar o Estatutos da Asociación.

26.3 Disolver a Asociación e nomear liquidadores.

26.4 Solicitar a declaración de Utilidade Pública.

26.5 Solicitar préstamos hipotecarios.

26.6 Emitir Títulos de Débeda.

26.7 Allear bens patrimoniais.

26.8 Debater e resolver unha moción de censura contra a xestión do Presidente do Club.

Artigo 27. –A moción de censura ao Presidente terá as seguintes características:





- 27.1 Deberá ser formulada por un 10% dos socios maiores de idade, con proposta dun novo candidato.
- 27.2 Tratarase en Asemblea Xeral Extraordinaria que estará presidida polo socio de maior idade que estea presente, e actuará como Secretario o socio maior de idade máis novo de entre os presentes.
- 27.3 Os acordos tomaranse por maioría de 2/3 dos socios con dereito a voto presentes e representados.
- 27.4 De prosperar a moción de censura, o Presidente será cesado de xeito inmediato e pasará a ocupar este cargo o candidato proposto.
- 27.5 De non prosperar a moción de censura, non se poderá presentar outra no prazo dun ano, dende a celebración da Asemblea Xeral Extraordinaria.

XUNTA DIRECTIVA

Artigo 28. –A Xunta Directiva é o órgano de representación e xestión da Asociación e estará formada por Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e cando menos un Vocal representante de cada Sección.


Artigo 29. –Os membros da Xunta Directiva serán socios, maiores de idade, con pleno uso dos seus dereitos civís e que non estean incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos pola lexislación vixente. Deberán cumprir as obrigas que a Lei estableza para o seu cargo e deberán ter como mínimo dous anos de antigüidade no Club.

Artigo 30. – Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione, sen que as cantidades percibidas por este concepto podan exceder os límites previstos na normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas para ser consideradas dietas exceptuadas de gravame. As persoas que ostenten cargos de Xunta Directiva poderán recibir retribucións por tarefas profesionais diferentes ás propias do seu cargo, sempre que sexa posible a súa financiación por fondos que non teñan consideración de públicos nin subvencións. A retribución fixarase en función dos parámetros normais de relación laboral dentro da entidade (convenio colectivo de aplicación, categoría profesional, retribución, xornada e demais características de calquera relación laboral).

Artigo 31. –A Xunta Directiva reunirase coa periodicidade suficiente para o bo desenvolvemento do Club. A convocatoria será realizada polo Presidente a iniciativa propia ou a petición de tres ou máis membros da Xunta Directiva e realizarase como mínimo con dous días de antelación á data da súa celebración. A Xunta Directiva quedará validamente constituída cando concorran a ela cando menos unha terceira parte dos seus membros en número nunca inferior a tres, e en todo caso, o Presidente ou Vicepresidente.

Artigo 32. –Os acordos da Xunta Directiva tomaranse por maioría simple. En caso de empate decidirá o voto do presidente.





Artigo 33. –O Presidente da Xunta Directiva é o Presidente do Club, e nomeará e revogará os demais membros da Xunta Directiva.

Artigo 34. –Os membros da Xunta Directiva deixarán de selo polas seguintes causas:

- 34.1 Renuncia voluntaria comunicada por escrito ao Presidente.
- 34.2 Por decisión do Presidente.
- 34.3 Por calquera causa que lles impida desempeñar as súas funcións.

Artigo 35. –Son facultades da Xunta Directiva as seguintes:

- 35.1 Executar os acordos e disposicións da Asemblea Xeral.
- 35.2 Elaborar e someter á aprobación da Asemblea Xeral a Memoria Anual, o Orzamento do exercicio e os Balances e contas do exercicio pechado.
- 35.3 Redactar ou reformar Regulamentos de Réxime Interno, e velar polo seu cumprimento.
- 35.4 Coordinar as actividades do Club.
- 35.5 Crear comisións de traballo. Designar un membro da Xunta Directiva a cargo de cada comisión.
- 35.6 Aplicar as medidas económicas, deportivas, administrativas e de orde e disciplina precisas para o correcto funcionamento da Asociación.
- 35.7 Nomear COLABORADORES para desenvolver tarefas continuadas non específicas da propia Xunta Directiva. Estes colaboradores poderán asistir ás reunións da Xunta Directiva cando sexan convocados ou así o soliciten para informar dos temas da súa competencia. Poderán desenvolver normativas nas súas áreas respectivas.
- 35.8 Promover, colaborar e/ou organizar calquera actividade que a Xunta Directiva considere axeitada para o cumprimento dos fins da Asociación.
- 35.9 Calquera outra tarefa que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

O PRESIDENTE

Artigo 36. –O Presidente do Club será elixido cada catro anos, mediante sufraxio libre, directo e secreto na Asemblea Xeral polos socios con dereito a voto.

O candidato a Presidente deberá ter unha antigüidade mínima de dous anos e non estar inhabilitado ou en proceso de inhabilitación para o devandito cargo. No caso de que só haxa un candidato, este será nomeado Presidente automaticamente.

A actuación do Presidente axustarase ás normas das Institucións de maior rango que rexan o Deporte en Galicia.

Artigo 37. –O Presidente deixarás de selo polas seguintes causas:

- 37.1 Por renuncia voluntaria.
- 37.2 Por finalización de mandato.





37.3 Por moción de censura.

Artigo 38. –As funcións do Presidente son:

- 38.1** Convocar, presidir e levantar as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- 38.2** Dirixir as deliberacións e decidir co seu voto de calidade no caso de empate.
- 38.3** Ordenar os pagamentos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- 38.4** Representar legalmente á Asociación ante toda clase de entidades, organismos e institucións, públicas ou privadas.
- 38.5** Adoptar calquera medida urxente que resulte necesaria ou conveniente para o desenvolvemento da Asociación, sen prexuízo de dar conta posterior á Xunta Directiva.
- 38.6** Exercer o cargo de Presidente en funcións dende a finalización do seu mandato ata a resolución da convocatoria electoral correspondente.

O VICEPRESIDENTE

Artigo 39. –O Vicepresidente asistirá ao Presidente nas súas funcións. Actuará como Presidente en funcións na ausencia do Presidente. Así mesmo, actuará como Secretario en funcións en ausencia do mesmo.

O TESOUREIRO

Artigo 40. –O Tesoureiro terá como funcións:

- 40.1** Exercer a dirección da xestión económica do Club e a custodia dos libros de contabilidade e os inventarios, así como todos os documentos económicos necesarios para a elaboración das contas e balances.
- 40.2** Preparar e presentar os orzamentos, as contas anuais e os balances á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral.
- 40.3** Dar cumprimento ás ordes de pagamento expedidas polo Presidente.

O SECRETARIO

Artigo 41. –Ao Secretario correspóndelle:

- 41.1** Redactar e asinar as actas das reunións dos órganos de goberno e representación, xunto co Presidente.
- 41.2** Expedir as certificacións necesarias.
- 41.3** Levar o Rexistro de Socios.
- 41.4** Custodiar a documentación do Club.

OS VOGAIS





Artigo 42. –O Vogal é o representante de cada Sección na Xunta Directiva e actuará como tal ante a federación respectiva, se procede.


COMISIÓN XESTORA

Artigo 43. –Constituirase unha Comisión Xestora, por vacante no cargo de Presidente, formada, se é posible, por membros da Xunta Directiva saínte e presidida polo Vicepresidente. Estará integrada como mínimo por catro membros. Terá como funcións:

- 43.1** Xestionar o Club ata o nomeamento do novo Presidente.
- 43.2** Convocar eleccións antes de seis meses.

IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS

Artigo 44. –Os acordos da Asemblea Xeral, Xunta Directiva ou Seccións, poderán ser impugnados polos socios mediante escrito motivado dirixido á Xunta Directiva e en segunda instancia perante os órganos competentes das Federación se perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.



CAPÍTULO IV

SECCIÓNS

Artigo 45. –A Xunta Directiva poderá acordar a constitución de Seccións para un mellor desenvolvemento dos fins do Club.

- 45.1** As Seccións actuarán dentro dun campo concreto, adscribíndose, se procede, á Federación respectiva.
- 45.2** Cada Sección estará integrada polos seus membros, que á súa vez serán socios do Club.
- 45.3** Cada Sección poderá aprobar un Regulamento de Réxime Interno, que deberá ratificar a Xunta Directiva, polo que se rexerán os membros da Sección correspondente.
- 45.4** O Presidente nomeará un ou máis vogais que representen a cada Sección na Xunta Directiva. Os vogais tamén poderán ser propostos por cada Sección e ratificados polo Presidente.
- 45.5** Os membros de cada Sección reuniranse cando menos unha vez ao ano, para organizar e programar as actividades, dando conta á Xunta Directiva e á Federación adscrita respectiva.
- 45.6** As diferentes Seccións poderán levar un libro de actas onde se reflictan as súas reunións, decisións ou similares.
- 45.7** As Seccións teñen como atribucións:
 - a) Coordinar e organizar actividades oficiais propias do calendario do Club, as propias da Sección e as delegadas das Federacións respectivas.
 - b) Poder elaborar e controlar o seu propio orzamento, supervisado pola Xunta Directiva.
 - c) Calquera outra atribución que lles sexa encomendada pola Xunta Directiva, e aceptada pola Sección.





CAPÍTULO V

RESPONSABILIDADE DOS SOCIOS, ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 46. –A responsabilidade dos directivos do Club esténdese aos acordos e actos contrarios ao ordenamento xurídico xeral e as disposicións contidas na Lei do Deporte de Galicia e nas disposicións regulamentarias que as desenvolvan, así como todo aquilo que estea en contra do contido nos presentes Estatutos e regulamentos que o desenvolvan e contra aquelas normas que supletoriamente sexan de aplicación.

Artigo 47. –En calquera caso, os directivos responderán fronte aos socios, ao Club ou terceiros por culpa ou negligencia grave no exercicio das súas funcións que causen grave prexuízo ao Club, terceiros ou socios.

Artigo 48. –A responsabilidade dos socios do Club esténdese aos actos contrarios ao ordenamento xurídico xeral, e as disposicións contidas na Lei do Deporte de Galicia e nas disposicións regulamentarias que as desenvolvan, así como todo aquilo que estea en contra do contido nos presentes Estatutos e regulamentos que o desenvolvan e contra aquelas normas que supletoriamente sexan de aplicación. Así mesmo responderán fronte aos demais socios, os ou terceiros, cando se aprecie culpa ou negligencia que cause grave prexuízo ao Club, terceiros ou socios.



CAPÍTULO VI

REXÍME DISCIPLINARIO

Artigo 49. –A potestade disciplinaria do Club recaerá no Comité de Disciplina, quen terá a facultade de investigar e, no seu caso, sancionar as faltas que cometan os socios.

Non poderán formar parte do Comité de Disciplina os membros da Xunta Directiva nin os membros das federacións ás que o Club estea adscrito.

Este comité será nomeado pola Asemblea Xeral e estará formado, como mínimo, por tres membros.

Artigo 50. –O Comité de Disciplina actuará nos seguintes casos:

- 50.1** Cando actuacións dos socios impidan o cumprimento dos fins do Club, ou o funcionamento dos órganos de goberno e representación da Asociación.
- 50.2** Cando socios produzan intencionadamente danos de tipo material aos bens do Club.
- 50.3** Cando socios infrinxan os presentes Estatutos ou os Regulamentos de Réxime Interno.

Artigo 51. –A composición do Comité de Disciplina, así como a tramitación dos expedientes, a tipificación das faltas –que serán leves, graves e moi graves- e as súas sancións, serán desenvolvidas nun regulamento específico.

Artigo 52. –Para impoñer calquera tipo de sanción, será preceptiva a instrución dun expediente, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente, no cal necesariamente darase audiencia ao interesado.

Artigo 53. –Contra as resolucións do Comité de Disciplina cabe recurso perante a Federación respectiva e o Comité Galego de Disciplina Deportiva.

Artigo 54. –En ausencia dunha regulación específica do Club, será aplicable o que establezan as federacións deportivas respectivas e a Lei Xeral do Deporte de Galicia.



CAPÍTULO VII

REGULAMENTOS DE RÉXIME INTERNO

Artigo 55. –A Xunta Directiva elaborará normas de funcionamento interno que formarán parte dos denominados Regulamentos de Réxime Interno e que desenvolverán aquelas materias contempladas ou non, nos presentes Estatutos.

Non poderán ir, en ningún caso, en contra do estipulado nos mesmos.



CAPÍTULO VIII

RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 56. –O Club contará coas seguinte documentación:

- 56.1** Rexistro de Socios. Onde se fará constar nome e apelidos dos socios, documentonacionalde identidade, pasaporte ou similar, datas de alta e baixa e clase de socio, así como a toma de posesión e cese dos cargos directivos.
- 56.2** Libro de Actas. Onde se consignarán as reunións que celebren a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, o número de asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados. As actas serán asinadas polo Presidente e polo Secretario.
- 56.3** Libro de Contabilidade. Onde se especificarán os ingresos e gastos do Club, a procedencia dos ingresos e o destino dos gastos e investimentos.
- 56.4** Rexistro de Títulos de Débeda. Onde se anotarán as sucesivas transferencias.
- 56.5** Memorias de actividades. Memorias Anuais e Regulamentos de Réxime Interno da Asociación e das Seccións, que estarán a disposición dos socios.



CAPÍTULO IX

RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 57. –Club Montañeiros Celtas, como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderá distribuír os recursos obtidos entre os seus socios, que se destinarán para o bo desenvolvemento da Asociación.

Artigo 58. –O patrimonio da Asociación reflectirase no balance do exercicio económico anual.

Artigo 59. –O Club poderá gravar e allear bens inmóbles e pedir préstamos.

Poderá emitir títulos de débeda, onde deberá constar o valor nominal dos mesmos, a data de emisión, e no seu caso, os xuros e o prazo de amortización, e só poderán ser subscritos polos seus socios, e a súa posesión non lles conferirá dereito algún especial, salvo a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente. En ningún caso estas accións poderán comprometer de modo irreversible o patrimonio do club ou as actividades a realizar.

Para a adecuada xustificación destas accións poderá esixirse o oportuno ditame económico actuarial, sempre que o soliciten como mínimo o 5% dos socios maiores de idade.

Artigo 60. –Constitúen os recurso económicos da Asociación:

- 60.1** As cotas, ordinarias e extraordinarias, que se establezan.
- 60.2** Os ingresos obtidos pola organización de actividades.
- 60.3** As doazóns, patrocinios ou subvencións públicas ou privadas.
- 60.4** Os ingresos por rendemento dos seus bens.
- 60.5** Os préstamos ou créditos que sexan concedidos.
- 60.6** Os ingresos doutro carácter que legalmente poida obter.

Artigo 61. –O exercicio económico será anual e pechará o 31 de decembro de cada ano. As contas presentaranse perante a Asemblea Xeral Ordinaria onde serán aprobada, xunto co orzamento do ano en curso e a liquidación do orzamento do ano anterior, se procede.

Artigo 62. –Nas contas abertas en entidades bancarias deberá figurar a sinatura do Presidente e de dous membros máis da Xunta Directiva. Para poder dispor de fondos, serán suficientes dúas sinaturas.

Artigo 63. –Club Montañeiros Celtas ten as seguintes instalacións:

- 63.1** Local Social, na Avda Camelias, número 78, oficina K (Vigo).
- 63.2** Refuxio “Aloia”, no Parque Natural do Monte Aloia (Tui).
- 63.3** Refuxio “Miguel Regueira”, no monte Galiñeiro (Vincios, Gondomar).





CAPÍTULO X

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 64. –Os presentes Estatutos só poderán ser modificados, reformados ou revogados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal fin, e deberá adoptarse en votación por maioría segundo o establecido no **artigo 24.2** destes Estatutos, debéndose comunicar ao Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia para a súa aprobación e inscrición de acordo co previsto na normativa vixente.



CAPÍTULO XI

DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE

Artigo 65. –Club Montañeiros Celtas extinguirase ou disolverase por:

- a) Revogación do recoñecemento oficial do Club Montañeiros Celtas.
- b) Fusión ou integración con outra entidade de características similares.
- c) Mandato xudicial ou administrativo.
- d) Acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto, adoptado por unha maioría de 2/3 dos membros asistentes con dereito a voto.
- e) Calquera outra que estableza o ordenamento xurídico.

PROCEDEMENTO DE DISOLUCIÓN

Artigo 66. –O presidente terá que convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria para que esta adopte o correspondente acordo de disolución no prazo de 2 meses dende que teña coñecemento da existencia da causa determinante da disolución.

- a) Dita disolución se comunicará ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia para que proceda a cancelación da súa inscrición de acordo coa normativa vixente.

Artigo 67. - O patrimonio resultante da disolución destinarase na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, de 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e que estean, preferiblemente, dedicadas a fins de interese xeral que sexan similares aos da asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder a inscrición da disolución da asociación.



CAPÍTULO XII

DISPOSICIÓN FINAIS

Artigo 68. –Os presentes Estatutos anulan aos anteriores e aquelas disposicións emanadas da Xunta Directiva ou de calquera outro órgano ou cargo que se opoñan ao seu articulado.

Artigo 69. –En todo o que non estea expresamente previsto nestes estatutos seralle de aplicación o que estableza a Lei Xeral do Deporte de Galicia ou calquera outra aplicable de rango superior.



Estes Estatutos quedan redactados segundo as modificacións acordadas na Asemblea Xeral Extraordinaria do 21 de marzo de 2025.

Asinado

Carmen Pérez Orge

Presidenta

M^a Cristina López Carballal

Secretaria